



Asociación de Gaiteros Galegos

II Congreso de Ensinantes de Música Tradicional Galega

TÁBOA DE CONTIDOS

TÁBOA DE CONTIDOS	2
PRESENTACIÓN.....	3
OBXECTIVOS.....	4
CONTIDOS.....	4
ESTRUTURA ORGANIZATIVA	5
<i>Comité Científico:</i>	5
<i>Comité Organizador:</i>	5
<i>Secretaría Técnica:</i>	5
PROGRAMA.....	6
VENRES 7	6
SÁBADO 8	6
DOMINGO 9	7
COMUNICACIÓNS.....	8
INSCRICIÓN.....	8
<i>Prezo da matrícula</i>	8
<i>Pago</i>	9
<i>Créditos de libre configuración</i>	9
ALMANAQUE	9
<i>Sede</i>	9

PRESENTACIÓN

Coa experiencia da primeira edición do congreso, e constatado o seu éxito tanto nos seus contidos, participantes e desenrolo xeral, como na resposta positiva dos asistentes, asumimos o reto de reeditar a cita e avanzar nas súas propostas.

Este II Congreso abarcará todos os ámbitos educativos de música tradicional existentes na actualidade en Galicia: escolas de música, conservatorios, asociacións culturais e centros de ensino obrigatorio. Tamén se incluírán a maioría das disciplinas que se imparten nos distintos centros: ensino de gaita, percusión, zanfona, canto e música na ed. Primaria e Secundaria. Trátase de non excluír a ningún profesor ou profesora, alumna ou alumno, para que toda a comunidade educativa da música tradicional se vexa implicada neste proxecto e poida tirar conclusións que lle axuden no seu traballo diario.

Nesta ocasión, ademais de tratar a situación do ensino da música tradicional nas escolas de música, conservatorios e asociacións culturais, centrarémonos especialmente no seu ensino na escola pública. O futuro das nosas tradicións, da nosa música, a nosa lingua, canto e baile, pasa inevitablemente pola transmisión destes coñecementos ás novas xeracións, para que saiban conservalos e respectalos. Aquí xoga un papel importantísimo a escola, e dentro dela os mestres e mestras, aos que debemos proporcionar os materiais, métodos e asesoramento preciso para desenvolver tan importante faceta.

OBXECTIVOS

Se ben é certo que nos últimos anos se observan certos avances na calidade do ensino da música tradicional galega, é necesario alentar o debate sobre os métodos de ensino utilizados, as necesidades educativas e os posibles problemas que todo ensinante ou alumno/a acha nas súas clases. Un debate para intercambiar experiencias prácticas e resultados de investigacións que poidan mellorar o ensino da música tradicional na actualidade.

De forma máis específica, os obxectivos do Congreso serán os seguintes:

- 1.- Analizar as principais experiencias educativas da música tradicional galega.
- 2.- Estudar diferentes metodoloxías didácticas tratando de sistematizar experiencias satisfactorias que poidan ser iluminadoras do traballo futuro.
- 3.- Intercambiar experiencias e resultado de investigacións relacionadas co perfeccionamento da formación dos docentes que imparten música tradicional.
- 4.- Propiciar o establecemento de formas de cooperación entre Conservatorios de Música, Escolas de música tradicional, Asociacións Culturais e Centros de Ensino Obrigatorio, que permitan elevar a calidade do ensino da música tradicional galega.
- 5.- Poñer en contacto a profesores de música tradicional galega no exterior coas últimas tendencias desenvolvidas en Galicia no ámbito do ensino de la música tradicional. Facilitar, así mesmo, o intercambio de ideas entre os que exercen o ensino en Galicia e os que o están a facer fóra dela.
- 6.- Promover lazos de coñecemento, recoñecemento e confianza entre os distintos ámbitos educativos da música galega, co obxecto de permitir unha comunicación fluída de experiencias e para, eventualmente, poder pór en marcha iniciativas conxuntas.

CONTIDOS

Conforme aos obxectivos sinalados, o Congreso estruturarase en torno a tres tipos de actividades: Sesións Plenarias, Relatorios e Comunicacións.

As **Sesións Plenarias** están concibidas para promover o debate sobre aqueles temas centrais sobre os que se articula o Congreso. En forma de Mesas Redondas, as Sesións Plenarias contarán coa presenza de especialistas de distintos ámbitos educativos.

Os **Relatorios, Comunicaci3ns e talleres** est3n organizados en torno a 3mbitos m3is especializados de traballo e contar3n coa presenza de especialistas destacados nos temas que aborden.

ESTRUTURA ORGANIZATIVA

A estrutura proposta para o II Congreso de Ensinantes de M3sica Tradicional Galega 3 o habitual de calquera congreso cient3fico, presentando un comit3 cient3fico e un comit3 organizador. A secretar3a do congreso estar3 a cargo dos t3cnicos de dinamizaci3n cultural da Asociaci3n de Gaiteiros Galegos.

Comit3 Cient3fico:

Xunta Directiva da Asociaci3n de Gaiteiros Galegos

Comit3 Organizador:

Xunta Directiva da Asociaci3n de Gaiteiros Galegos

Iv3n Area Carracedo (Universidade de Vigo)

Xos3 Manuel S3nchez Rei (Universidade de A Coru3a)

Xo3n Costa Casas - Presidente da AS-PG

Ant3n Castro Rodr3guez - CIG-Ensino

Secretar3a T3cnica:

Asociaci3n de Gaiteiros Galegos

R3a de Alfonso XIII, 7. Oficina 8.

36002 Pontevedra.

www.gaiteirosgalegos.com

Telefone de contacto: 986 847 074

Correo electr3nico: secretaria@gaiterosgalegos.com

PROGRAMA

VENRES 7

TARDE 16.00 H A 22.00 H

16.00 h – Recepción e reparto de material.

16.30 h – Inauguración e apertura do "II Congreso de Ensinantes de Música Tradicional Galega."

17.00 h – 18.30 h – I OBRADOIRO: "*Taller de construción de xoguetes sonoros.*" Relator: Luciano Pérez. SALA MOZART

18.30 h – 19.00 h – I COMUNICACIÓNS. SALA MOZART

19.00 h – 19.30 h – DESCANSO.

19.30 h – 20.30 h – I RELATORIO: "Presentación da colección: Repertorio básico para gaita e percusión Galega" Suso Vaamonde e X.L. Romero SALA MOZART

20.30 h – 22.00 h – I MESA REDONDA. "*Estratexias metodolóxicas para ensinar a temperar e afinar unha gaita.*" Mesa redonda formada por Jose Manuel López "Josele", Iván Costa e Óscar Ibáñez. SALA MOZART

SÁBADO 8

MAÑÁ DE 10.00 H A 14.00 H

10.00 h – 11.00 h – II RELATORIO: "*Coidados básicos da voz e exercicios prácticos para cantar dun xeito saudable.*" Relatora: Beatriz Riobó. SALA MOZART

11.00 h – 11.30 h – II COMUNICACIÓNS. SALA MOZART

11.30 h – 12.00 h – DESCANSO.

12.00 h – 14.00 h – II OBRADOIRO: "*Xogos de baile tradicional.*" Relator: Luís Prego. SALA MOZART

16.00 h – 18.00 h - Emisión en directo dende o Congreso do programa da Radio Galega " Lume na Palleira" SALA CIRCULAR

TARDE DE 16.00 H A 22.00H

16.00 h – 17.30 h – CONCERTO DIDÁCTICO: *"Instrumentos Pobres"* a cargo de Xavier Blanco. SALA MOZART

17.30 h – 19.00 h – III RELATORIO "Xogos populares e tradicionais galegos." Relator: Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. SALA MOZART

19.00 h – 19.30 h – DESCANSO.

19.30 h – 20:30 h – IV RELATORIO *"A orixe da requinta."* Relator: Pablo Carpintero SALA MOZART

20.30 h – 22:00 h – II MESA REDONDA: *"A requinta. Técnicas para interpretala dun xeito tradicional."* Mesa redonda formada por Xosé Liz, Pablo Carpintero, Olimpio Xiráldez. SALA MOZART

DOMINGO 9

MAÑÁ DE 10.00 H A 14.00 H

10.00 h – 11.30 h – V RELATORIO *"Aplicación das novas tecnoloxías no ensino da música tradicional. Edición de partituras e recursos informáticos."* Relator: Roberto de Andrés. SALA MOZART

11.30 h – 12.00 h – III COMUNICACIÓNS. SALA MOZART

12.00 h – 12.30 h – DESCANSO.

12.30 h – 14.00 h – III OBRADOIRO: *"Cantigas para os mais pequenos."* Relator: Antón Castro. SALA MOZART

TARDE DE 16.00 H A 19.00H

16.00 h – 17.30 h – IV OBRADOIRO: *"Danzas gremiais."* Relator: Francisco Xabier Álvarez - Castro Floxo. SALA MOZART

17.30 h – 19.00 h – V OBRADOIRO: *"O ensino da percusión tradicional."* Relator: Francisco Estévez "Chuco" SALA MOZART

COMUNICACIÓN

Toda persoa que queira expoñer algún tema relacionado co ensino da música tradicional poderá escribir unha comunicación e presentala no Congreso.

As normas para a presentación de comunicacións serán as seguintes:

- O prazo de presentación dos resumos das comunicacións será dende o 1 ao 16 de Novembro de 2007. O contido deberá ser enviado co seguinte formato: letra "Times New Roman", tamaño 12, interliñado sinxelo. O contido deberá incluírse nunha páxina como máximo (1 cara). Ademais deberán indicarse os datos persoais do autor/es que presenten a comunicación.
- A duración das comunicacións non deberá ser superior a 15 minutos de exposición.
- Os autores poderán redactar o traballo *in extenso* ata o 21 de Novembro. Data límite para que todos os relatorios e comunicacións poidan ser incluídas na documentación oficial do Congreso.
- O envío das comunicacións e dos relatorios deberá realizarse por correo electrónico a:
secretaria@gaiterosgalegos.com
ou por correo ordinario á rúa de Alfonso XIII nº7, oficina 8. 36002 Pontevedra.

INSCRIPCIÓN

Deberase enviar o impreso de inscrición cumprimentado á Secretaría Técnica do Congreso, así como o xustificante do pago bancario por calquera dos seguintes medios:

- Por correo ordinario ao enderezo: Rúa de Alfonso XIII, 7, oficina 8. 36002 Pontevedra, especificando no sobre "II Congreso de Ensinantes de Música Tradicional".
- Por correo electrónico a:

secretaria@gaiterosgalegos.com

Prezo da matrícula

Estudantes e/ou asociados da AGG, AS-PG ou afiliados á CIG: 10 Euros

Outros: 25 euros.

Para poder beneficiarse dos descontos é necesario acompañar á documentación requirida, un xustificante que acredite dita condición.

Pago

Ingreso ou transferencia bancaria a nome da Asociación de Gaiteiros Galegos no número de conta: 0182 0465 10 0200016989 indicando "Taxa inscrición", nome e apelidos do inscrito.

Créditos de libre configuración

Está en trámite o recoñecemento de créditos de libre elección nas universidades de Vigo e A Coruña para os asistentes ao Congreso que así o soliciten. Para elo, requirirase control de asistencia e a certificación correspondente.

Tamén está solicitada a homologación deste congreso á Consellería de Educación por 20 horas lectivas.

ALMANAQUE

1 de Novembro – 30 de Novembro de 2007. Prazo de inscrición.

1 de Novembro – 23 de Novembro de 2007. Prazo de presentación de resumos das comunicacións.

7,8 e 9 de decembro de 2007. Celebración do Congreso.

Sede

AUDITORIO DE GALICIA. Santiago de Compostela.

Avda.. Burgo das Nacións s/n.

15705 Santiago de Compostela.